

Ben queridas familias,

Dirixímonos a vós para ofrecervos instrucións de cara ao inicio do curso, que, como xa sabedes, require a colaboración de todos/as para ofrecer un espazo seguro.

Seguindo as instrucións da Consellería de Educación, a presentación será o día 15 de setembro de 2021 e seguiremos coa incorporación gradual do alumnado aos centros educativos, quedando así:

CURSO	HORA ENTRADA	PORTA ENTRADA	HORA SAÍDA	PORTA SAÍDA
1º e 2º ESO	8:35 h	Pérez Bellas	14:00 h	Seara
3º e 4º ESO	8:40 h	Pérez Bellas	14:05 h	Seara

O horario deste primeiro día será dende a hora de entrada sinalada no cadro anterior ata as **11:15 h**. No caso de que algunha familia o precise, o alumnado poderá permanecer no centro ata a hora de saída (14:00 e 14:05 h).

Por outra banda, gustaríanos compartir con vós algunhas das medidas e actuacións que seguiremos desde o inicio do curso.

MEDIDAS COVID-19

- O colexio seguirá contando cun Equipo COVID-19, que coordinará todas as actuacións específicas derivadas da emerxencia sanitaria.
- Antes de acudir ao colexio, cada alumno/a ou as súas familias, responderán a unhas cuestións de autoavaliación, segundo fixa o Protocolo establecido pola Xunta de Galicia, colgadas na páxina web do centro.
 - A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.
 - O alumnado con calquera sintomatoloxía non pode acceder ao centro educativo e deberá comunicalo ao equipo COVID por email covid@gesanmiguel2.com
 - Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.
- Cada alumno deberá vir provisto dun kit que conteña **máscara de repostro**, funda ou estoxo, **xel hidroalcohólico** e panos desbotables. Traer tamén outra funda non plástica para gardar a máscara no momento da merenda.
- Será necesario que as familias envíen ao titor/a un nº teléfono, **operativo en todo momento**, dalgún familiar ou persoa de referencia para presentarse no centro á maior brevidade no caso de que os síntomas aparezan durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo.
- Tense habilitado un espazo específico de uso individual no centro para illar aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado.

COMUNICACIÓNS FAMILIA-CENTRO

- A comunicación coas familias realizarémola de forma telemática –plataforma G SUITE, ABALAR e páxina

CIRCULAR DE INICIO DE CURSO NA ESO

WEB. Todas as familias deberán descargar a aplicación ABALAR no seu teléfono móbil.

- A primeira reunión dos titores cos pais será presencial os días 27 e 28 de setembro.
- Nas reunións de tutoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación presencial.
- O primeiro día de clase o alumno/a entregará ao titor/a unha DECLARACIÓN RESPONSABLE (colgada na web do centro), que deberá vir **asinada** polos pais/nais/titores legais do alumno/a.
- Así mesmo, o primeiro día de clase os alumnos deberán traer asinada a AUTORIZACIÓN para saír sos do centro (colgada na web do centro), acompañada da fotocopia do DNI de ambos proxenitores que ostenten a patria potestade.

ENTRADAS-SAÍDAS

- As familias que queiran acompañar aos seus fillos/as permanecerán na entrada do centro o tempo imprescindible para recollelos e deixalos, co fin de non formar aglomeracións.
- Recomendamos que o alumnado sexa acompañado por un único responsable, que non poderá entrar ás zonas interiores do colexio.
- Ademais, pregamos máxima puntualidade no cumprimento de horarios.
- Está prohibido entrar/saír por outra porta que non sexa a asignada.
- Nas diferentes entradas ao centro, haberá xel hidroalcohólico.

AULA DE MADRUGADORES

- O servizo de madrugadores (dende as 7:45 h) comezou o seu funcionamento o xoves día 9 de setembro.
- A entrada será pola porta de Educación Infantil (Rúa Seara).

Estamos a traballar para facer do colexio un entorno seguro e comfortable, á vez que se cumpran de modo rigoroso todas as prevencións e medidas de actuación necesarias xa que a prioridade é a saúde. Todas as medidas e instrucións poderán verse modificadas en función das novas disposicións que marquen dende a Xunta de Galicia.

Rogamos a vosa colaboración no cumprimento das medidas e instrucións ofrecidas dende o centro. Somos conscientes das inxedanzas que poidades ter e/ou das dificultades que vos poidan xurdir á hora de acatar as medidas establecidas, pero confiamos na capacidade de todos os que conformamos a comunidade educativa para adaptarnos ás novas circunstancias que requiren un esforzo e vontade por parte de cada un de nós.

Grazas pola vosa colaboración

Atentamente,

O equipo directivo e o profesorado